

ARTES ESCÉNICAS

OPCIÓN A

1. Características xerais do teatro renacentista e barroco (4 puntos).

1. Características generales del teatro renacentista y barroco (4 puntos).

2. Tras introducir brevemente a obra desde o punto de vista histórico e literario, sinala as liñas básicas para o deseño da posta en escena do texto proposto, facendo fincapé en aspectos como a dirección de actores/interpretación, iluminación, xestión do espazo, escenografía e o atrezo. Inclúranse, así mesmo, aspectos relacionados coa posible recepción do espectáculo e o seu público potencial. (6 puntos).

2. Tras introducir brevemente la obra desde el punto de vista histórico y literario, señala las líneas básicas para el diseño de la puesta en escena del texto propuesto, haciendo hincapié en aspectos como la dirección de actores/interpretación, iluminación, gestión del espacio, escenografía y atrezzo. Se incluirán, asimismo, aspectos relacionados con la posible recepción del espectáculo y su público potencial. (6 puntos).

A casa soa. DELIO chega do traballo. Non topa a ROSA. Chámaa. Entra na cociña. Chámaa. Entra na habitación. Chámaa. Entra no cuarto de baño. Chámaa. Entra no salón. Chámaa. ROSA non aparece. Topa a cadeira de rodas baleira. Entra outra vez na cociña. Chámaa. Outra vez na habitación. Chámaa. No cuarto de baño. Chámaa. No salón. Chámaa. ROSA foise. DELIO sae da casa.”

Fragmento de *A piragua*, de Cándido Pazó.

ARTES ESCÉNICAS

OPCIÓN B

1. As artes escénicas en Galicia (4 puntos).

1. Las artes escénicas en Galicia (4 puntos).

2. Tras introducir brevemente a obra desde o punto de vista histórico e literario, sinala as liñas básicas para o deseño da posta en escena do texto proposto, facendo fincapé en aspectos como a dirección de actores/interpretación, iluminación, xestión do espazo, escenografía e o atrezo. Inclúranse, así mesmo, aspectos relacionados coa posible recepción do espectáculo e o seu público potencial. (6 puntos).

2. Tras introducir brevemente la obra desde el punto de vista histórico y literario, señala las líneas básicas para el diseño de la puesta en escena del texto propuesto, haciendo hincapié en aspectos como la dirección de actores/interpretación, iluminación, gestión del espacio, escenografía y atrezzo. Se incluirán, asimismo, aspectos relacionados con la posible recepción del espectáculo y su público potencial. (6 puntos).

“ACTO II. ESCENA I

Entran Antonio e Sebastián.

ANTONIO: ¿Non queres quedar máis tempo? ¿Nin que vaia contigo?

SEBASTIÁN: Perdóame, pero non. As miñas estrelas locen aciagas sobre min. A adversidade do meu fado podería contaxiar o teu. Polo tanto, prégoche que me deixes para que leve eu só as miñas desgracias. Mal recompensaría o teu afecto facéndote partícipe delas.

ANTONIO: Polo menos dime onde vas.

SEBASTIÁN: Non, de verdade. O meu rumbo é mero deambular. Pero sei que tes un excepcional toque de delicadeza e que non intentarás arrincarme o que desexo calar; por iso a cortesía oblígame a revelarche quen son. Debes saber, Antonio, que me chamo Sebastián, e non Rodrigo. Meu pai era Sebastián de Mesalia, de quen sei que tes oído falar. A súa morte quedamos miña irmá e mais eu, nados na mesma hora. ¡Oxalá quixese o ceo que perecemos xuntos! Pero ti cambiaches as cousas, pois unha hora antes de que me salvases da furia do mar, miña irmá morría afogada.

ANTONIO: ¡Funesto día!

SEBASTIÁN: Unha dama que aínda que dicían que se parecía a min, para moita xente era unha beldade. E aínda que non podo dar creto a tan eloxioso xuízo, o que si podo é proclamar abertamente que posuía unha alma que incluso a mesma envexa recoñecería fermosa. Afogou nas salgadas augas e creo que vou afogar o seu recordo coas miñas.

ANTONIO: Perdóame pola miña pobre hospitalidade.

SEBASTIÁN: Meu bo Antonio, perdóame ti as molestias.

ANTONIO: Se non queres matarme coa pena, déixame ser o teu servo.

SEBASTIÁN: Se non queres desfacer o feito, é dicir, matar a quen salvaches, non insistas. Adeus. O meu peito reborda tenrura e parézome tanto a miña nai que á menor ocasión os ollos me traizoan. Diríxome á corte do duque Orsino. Adeus.

Sae.

ANTONIO: ¡Que a bondade dos deuses te acompañe! Na corte de Orsino teño moitos inimigos. Do contrario, axiña alí te vería. Así e todo irei, que o meu agarimo fará que pareza un xogo o perigo.

Sae.”

(Fragmento de *Noite de Reis*, de William Shakespeare).

ARTES ESCÉNICAS

OPCIÓN A

1. Sinala e introduce brevemente as características das principais tipoloxías escénicas (4 puntos).

1. Señala e introduce brevemente las características de las principales tipologías escénicas (4 puntos).

2. Tras introducir brevemente a obra desde o punto de vista histórico e literario, sinala as liñas básicas para o deseño da posta en escena do texto proposto, facendo fincapé en aspectos como a dirección de actores/interpretación, iluminación, xestión do espazo, escenografía e o atrezzo. Inclúranse, así mesmo, aspectos relacionados coa posible recepción do espectáculo e o seu público potencial. (6 puntos).

2. Tras introducir brevemente la obra desde el punto de vista histórico y literario, señala las líneas básicas para el diseño de la puesta en escena del texto propuesto, haciendo hincapié en aspectos como la dirección de actores/interpretación, iluminación, gestión del espacio, escenografía y atrezzo. Se incluirán, asimismo, aspectos relacionados con la posible recepción del espectáculo y su público potencial. (6 puntos).

“32

Uns minutos atrás. Vemos outra vez a mesma escena de antes. A casa soa. DELIO chega do traballo. Entra na casa. Non topa a ROSA. Chámaa. Entra na cociña. Chámaa. Entra na habitación. Chámaa. Entra no cuarto de baño. Chámaa. Entra no salón. Chámaa. ROSA non aparece. Topa a cadeira de rodas baleira. Entra outra vez na cociña. Chámaa. Outra vez na habitación. Chámaa. No cuarto de baño. Chámaa. No salón. Chámaa. ROSA foise. DELIO entra nunha situación de descontrol absoluto. Sae da casa. Patamal de entrada do edificio. Aparece DELIO cunha pistola na man. Chega GUZMÁN da rúa. Sente a DELIO berrar...

DELIO : Rosa!

GUZMÁN, que non ve a pistola, vai cara a DELIO.

DELIO: Delio...

DELIO apártao violentamente e déixao atrás.

DELIO :Rosa! Rosa! Rosa! Rosa!

GUZMÁN : Pero...

DELIO, fora de si, vírase, vai cara a GUZMÁN e dispáralle. Chegan LUCÍA e BRANDÁN que, despois de ouvir o estrondo do disparo, subiron desde a carpintería. GUZMÁN xace morto.

DELIO deixa caer a arma. Achégase a GUZMÁN. Axeónllase diante del e, afundindo entre os restos da ira e a inmensa desolación que agora o asalta, exclama:

DELIO : Os garaxes son para coches! Son para coches.

Desde a carpintería chega o petardeo abouxante da motoserra.

FIN”.

(Fragmento de *A piragua*, de Cándido Pazó).

ARTES ESCÉNICAS

OPCIÓN B

1. O teatro galego e o seu público (4 puntos).

1. *El teatro galego y su público (4 puntos).*

2. Tras introducir brevemente a obra desde o punto de vista histórico e literario, sinala as liñas básicas para o deseño da posta en escena do texto proposto, facendo fincapé en aspectos como a dirección de actores/interpretación, iluminación, xestión do espazo, escenografía e o atrezzo. Inclúranse, así mesmo, aspectos relacionados coa posible recepción do espectáculo e o seu público potencial. (6 puntos).

2. *Tras introducir brevemente la obra desde el punto de vista histórico y literario, señala las líneas básicas para el diseño de la puesta en escena del texto propuesto, haciendo hincapié en aspectos como la dirección de actores/interpretación, iluminación, gestión del espacio, escenografía y atrezzo. Se incluirán, asimismo, aspectos relacionados con la posible recepción del espectáculo y su público potencial. (6 puntos).*

ACTO 1. ESCENA 4

Entran Valentín e Viola vestida de home.

VALENTÍN: Se o duque continúa favorecéndovos, Cesario, seguro que ascendedes. Hai só tres días que vos coñece e xa non sodes un estraño.

VIOLA: Temedes o seu carácter ou a miña negligencia, pois dubidades da continuidade do seu afecto. ¿É inconstante nos seus favores?

VALENTÍN: Non, asegúrovolos.

MOLA: Gracias. Velaí vén o duque.

Entran Orsino, Curio e acompañantes.

ORSINO: ¿Alguén viu a Cesario?

MOLA: Aquí estou, monseñor, ó voso servicio.

ORSINO: Deixádenos sos un momento.

—Cesario, xa o sabes todo. Abrinche o libro secreto da miña alma. Agora, xentil efebo, vai xunto dela, que non che neguen a entrada; chántate na porta e declara que os teus pés botarán raíces ata que che concedan audiencia.

VIOLA: Seguro, meu nobre señor, que se, tal como din, está sumida na súa dor, non me recibe.

ORSINO: Alborota e traspasa os límites da urbanidade antes que volver sen nada.

VIOLA: Supoñendo que fale con ela, ¿que lle digo, monseñor?

ORSINO: Revélalle o meu apaixonado amor, asédlle falándolle da miña fonda devoción. Saberás representar o meu sufrimento. Mellor te escoitará a ti, por ser novo, que a embaixador de máis grave aspecto.

VIOLA: Non o creo, monseñor.

ORSINO: Podes estar seguro, meu querido doncel, pois sería negar os teus felices anos dicir que xa es un home. Os beizos de Diana non son máis dondos e vermellos. A túa suave voz, límpida e clara, é propia dunha doncela e todo en ti lembra unha muller. Sei que estás predestinado pola túa estrela para esta tarefa.

—Acompañádeo catro ou cinco de vos; ou todos, se queredes, pois estou mellor sen compañía.

—Acada o éxito e vivirás tan libre como o teu amo e a súa fortuna será a túa.

VIOLA: Hei facer canto poida para cortexar a vosa dama.

(*Á parte*) ¡Tarefa penosa! Namorar a outra, querendo ser a súa esposa.

Saen.

(Fragmento de *Noite de Reis*, de William Shakespeare).

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

A proba busca compaxinar os aspectos teóricos e historiográficos coa redacción dun exercicio práctico, xa que non se trataba dun comentario de texto convencional, senón de que os alumnos/as amosaran a súa capacidade para explicar as decisións de posta en escena, de cara a unha hipotética montaxe do fragmento proposto. Trátase de aproximar a proba o máximo posible á orientación eminentemente práctica e creativa da materia. A puntuación máxima será de 4 puntos para a primeira proba e de 6 para a segunda, en función da súa diferente complexidade.

Os criterios de avaliación, en relación co dito, terán que ver co rigor teórico e historiográfico dos contidos, así como coa capacidade de expresión e síntese do alumno/a. No comentario do texto valoraranse tamén aspectos historiográficos e analíticos, mais o maior interese ficará na análise das súas aptitudes creativas, así como na demostración da asimilación teórica e práctica dos conceptos básicos relacionados coa arte e a técnica da posta en escena.